

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Buddleja davidii Franch.

Este arbusto de orixe chinés, popularmente coñecido como herba das bolboretas, pode acadar os 5m de altura. Foi introducido como especie ornamental e naturalizouse rapidamente en terreos pedregosos, beiras de ríos, cunetas e ambientes ruderais pola gran cantidade de sementes que produce. A súa grande capacidade para colonizar ambientes ruderais e fluviais e desprazar á vexetación autóctona fai que sexa considerada unha especie moi invasiva en moitos países. As accións antropoxénicas sobre as marxes fluviais (obras, canalizacións, eliminación da cuberta vexetal...) facilitan a súa instalación, substituindo ás especies de ribeira autóctonas (salgueiros, ameneiros, etc.).

Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org

http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html

